CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 11 DE DECEMBRO DE 2017.

**ASISTENTES**

| | GRUPO POLITICO |
|---|---|
| **ALCALDESA, que preside:** | |
| *Dª Mª Lourdes Ucha Varela* | *PP* |
| **CONCELLEIROS:** | |
| *D. José Ramón Gondar Pintos* | *PP* |
| *D. Ramón Tilve Castro* | *PP* |
| *Dª. Milagros Pérez Gándara* | *PP* |
| *Dª Mª Pilar González Dopazo* | *PP* |
| *D. José Manuel Méndez Lázaro* | *PP* |
| *Dª. Rosalina Lima Prado* | *PP* |
| *D. José Manuel Ásperez Montes* | *MI* |
| *D. Antonio Rial Lastres* | *MI* |
| *D. José Varela Budelo* | *MI* |
| *Dª Mª del Pilar Prado González* | *MI* |
| *Dª Icía García Fernández* | *PSdeG-PSOE* |
| *D. Manuel Radio Oubiña* | *PSdeG-PSOE* |
| **SECRETARIA:** | |
| *Dª Mª Teresa Escudero Barral* | |

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 11 de decembro de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.
A tódolos asistentes fixoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.
Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.
Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 09 DE OUTUBRO DE 2017.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 9 de outubro de 2017 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que no apartado de rogos e preguntas á pregunta formulada polo Sr. Varela Budelo a Sra. de si non hai elaborado un anteproxecto para a praza de Dena, a canto vai, non se recolle a resposta da Sra. alcaldesa que contestou que si.

Recollida esta observación e sometida a votación queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE 2017.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala que tódalas Administracións Públicas, nun exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecida no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e na Le3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas periodicamente, de acordo co que se prevé na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal elaborouse o período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondente ao 3º trimestre de 2017 que resulta:

| Período | Ratio operacións pagadas | Importe pago realizado | Ratio operacións pendentes | Importe pagos pendentes | Período medio de pago |
|---|---|---|---|---|---|
| 3º trimestre | -8,94 | 168.840,80 | -15,18 | 146.624,57 | -11,84 |

De conformidade co disposto na Lei Órganica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do período medio de pago a provedores do Concello de Meaño correspondentes terceiro trimestre 2017.

3º.- DAR CONTA DO INFORME DO CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE 2017 DOS PRAZOS DE PAGOS DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/20014, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A Sra. alcaldesa-presidenta cédelle a palabra á secretaria-interventora, quen da conta, someramente do período medio de pago a provedores e do cumprimento dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 3º trimestre 2017, datos que forman parte do informe da execución do Plan de axuste previsto na Disposición final décima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupuestos Xerais do Estado para o exercicio de 2012 e que foi aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 16 de outubro de 2017:

**"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Asunto:** Informe de Intervención de análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (3º trimestre 2017).

La secretaria-interventora del Ayuntamiento de Meaño en relación con el 3º trimestre 2017 emitió, con fecha 21 de julio de 2017, el siguiente informe:

"**INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN**

**Asunto: Analisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales (3º TR 2017).**

**LEGISLACIÓN APLICABLE**

1º.- Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012.

2º.- Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

3º. Artículo 53-2 y 122 del RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

4º. Disposición final decimoquinta de la Ley 39/2010, de 22 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2011

5º. Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

6º.- Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo (artículo 33 y disposición final séptima).

7º.- Real Decreto 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Púlbicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los régimes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

**ANTECEDENTES Y FUNDAMENTOS**

- La Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012, establece la posibilidad de reintegrar al Estado los importes pendientes de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado de los años 2008 y 2009 a 1 de enero de 2012 en 120 mensualidades para aquellas Entidades locales a las que, a la fecha de publicación de esta norma, hayan presentado la liquidación de sus presupuestos generales del ejercicio 2011.

Para ello exige que las Entidades locales que incumplan los objetivos de estabilidad presupuestaria, límites de endeudamiento que le resulten de aplicación o los plazos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, deberán aprobar un plan de ajuste, que garantice la corrección de aquellos incumplimientos, mediante acuerdo de sus respectivos Plenos, que, además, deberán aceptar la posible imposición por el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección. Debiendo presentar ante el Ministerio de Hacienda y

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Administraciones Públicas el certificado del Secretario o del Secretario-interventor del acuerdo del Pleno con este contenido y aprobatorio del plan de ajuste, así como el informe del interventor o del secretario-interventor en el que se recojan las medidas del plan.

- El Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria y urgente de fecha 5 de julio de 2012, acordo:

"1º.- Aprobar el Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y que consistirá en adoptar las medidas que se contemplan en el informe de Secretaría-Intervención, con el objeto de mejorar los plazos de pago establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre:

a) Facturas:

- Las facturas se presentarán dentro de los tres días hábiles siguientes a la fecha de su expedición, si se presentan directamente en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño y dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de expedición si la remiten por correo, salvo casos excepcionales debidamente justificados.

- El procedimiento para la tramitación de las facturas se agilizará de forma que permita compatibilizar el cumplimiento del plazo establecido legalmente y la realización de pagos, que tendrá, con carácter general, una periodicidad mínima mensual, por lo que todos los trámites de gestión y contabilización intermedios deberán coordinarse y agilizarse en aras alcanzar el objetivo del cumplimiento del plazo legal establecido.

b) Certificaciones de obras, con carácter general:

- Las certificaciones y facturas que acompañan a las certificaciones se presentarán en el registro general o en el registro de facturas del Ayuntamiento de Meaño dentro de los cinco días hábiles siguientes a la fecha de su expedición .

- De conformidad con lo previsto en el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, la dirección de la obra realizará mensualmente y en la forma y condiciones que establezca el pliego de condiciones, la medición de las unidades de obra ejecutadas durante el período de tiempo anterior. Estas mediciones deberán realizarse a partir del día 20 de cada mes, debiéndose expedir en los tres días siguientes la correspondiente certificación de obra, que tomara como base las mediciones de las unidades de obra ejecutadas en el último período con la correspondiente relación valorada al origen en relación con los precios contratados.

- Dicha certificación deberá presentarse en el registro antes del último día de cada mes.

c) En el caso de que la fecha de emisión sea superior a tres días (facturas) o cinco días (certificaciones) al día de presentación en el registro general o en el registro de facturas, el centro gestor deberá rechazarla y no tramitarla, solicitando al emisor de la misma que modifique la fecha de emisión, si ello fuera posible.

d) La contabilización de la realización del pago se deberá hacer de forma inmediata a la recepción de de la información bancaria y con fecha valor del día que se cargó en cuenta.

2º.- Aceptar la posible imposición por parte del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de condiciones particulares en materia de seguimiento y remisión de información, así como, en su caso, de adopción de medidas de ajuste extraordinarias que permitan aquella corrección.

3º.- Dar traslado de la certificación del presente acuerdo al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas junto con el informe de Secretaría-Intervención en el que se recojen las medidas del Plan de ajuste."

- La Disposción adicional primera en el punto 6 da Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, establece que las Corporaciones

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com


Locales con periocidad anual deberán presentar al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del Interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste.

Por su parte el artículo 10 de la Orden HAP/2015/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera en virtud de la modificación dada por la Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece en el punto 1 que la Administración que cuente con un plan de ajuste acordado con el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, durante a su vigencia, deberá remitir al mencionado Ministerio antes del día 30 del primer mes siguiente a la finalización de cada trimestre en el caso de las Corporaciones Locales, sobre los extremos señalados en este punto.

- El Real Decreto-ley 4/2013, do 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendimiento y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo, en el artículo 33 modifica la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, estableciendo que:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad."

y la Disposición final séptima modifica el apartado 4 del texto refundido de la Ley de Contratos des Sector Público, aprobado por Rea l Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, estableciendo que:

«4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.»

- La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales establece en su artículo 4º que las corporaciones locales elaborarán un informe trimestral sobre el cumplimiento de los plazos para el pago de obligaciones previstos en dicha Ley, informe que debe remitirse a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda, y en su respectivo ámbito territorial al de las Comunidades Autónomas que tengan atribuída la tutela financiera de las entidades locales.

- La Ley Orgánica 2/2012, del 27 de abril, introduce el concepto de período medio de pago como expresión del tiempo de pago o retraso en el pago da deuda comercial, de forma que todas las Administraciones Públicas, en un nuevo ejercicio de transparencia, deberán hacer público su período medio de pago que deberán calcular de acuerdo con una metodología común establecido en el R.D. 635/2014 de 25 de julio, por lo que se desarrolla la metodología de cálculo del período medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas

El período medio de pago mide el retraso en el pago de la deuda comercial en términos

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

económicos, como indicador distinto respecto del período legal de pago establecido en el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de noviembre y en la Ley 3/2004, do 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra a morosidad en las operaciones comerciales.

El artículo 6 do R.D. 635/2014 de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del período medio de pago a proveedores de las Administraciones Públicas, en relación a la publicidad del período medio de pago a proveedores establece que las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas periodicamente, de acuerdo con lo que se prevé en la Orden HAP/2015/2012, de 1 de octubre, por lo que se desenvuelven las obrigaciones de subministro de información prevista en la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la información relativa a su período medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o trimestre anterior.

Si aplicados al programa contable de esta entidad los parámetros de:

- Días de pago: 30
- Fecha desde la que se calculan los días de pago: Registro de factura
- Trámite que se considera que se ha iniciado el expediente de reconocimiento de la obligación: conformidad
- Fecha base de registro de factura: Registro de factura

**Obtenemos los plazos de pago de obligaciones en relación con lo dispuesto en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales**

**PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE- 3º TRIMESTRE/2017**

| | | Dentro do período legal | | Fuera del período legal | |
|---|---|---|---|---|---|
| Período medio de pago (días) | | Nº pagos | Importe total | Nº de pagos | Importe total |
| 21 | | 278 | 146.176,00 | 55 | 22.965,60 |

**FACTURAS CON MÁIS DE TRES MESES SIN RECOÑECER A OBRIGA-3º TRIMESTRE/2017**

| Pendientes de recoñecer a obrigación | |
|---|---|
| **Nº** | **Importe total** |
| 0 | 0,00 |

**INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE-3º TRIMESTRE/2017**

| Intereses de demora pagados no período | |
|---|---|
| **Nº de pagos** | **Importe total intereses** |
| 0 | 0,00 |

**FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TRIMESTRE-3º TRIMESTRE/2017**

| | Dentro do período legal a final do trimestre | Fuera del período legal a final de trimestre |
|---|---|---|

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

| Período medio de pago (días) | | Nº pagos | Importe total | Nº de pagos | Importe total |
|---|---|---|---|---|---|
| 14 | | 178 | 147.423,35 | 29 | 6.752,56 |

**Calculado el período medio de pago a provedores según determina el artículo 5 del R.D. 635/2014, de 25 de julio, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Púlbicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los régimes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, resulta lo siguiente:**

| Período | Ratio operacións pagadas (días) | Importe pagos realizados | Ratio operacións pendentes de pago (días) | Importe pagos pendientes (€) | Período medio de pago global a proveedores trimestral (días) |
|---|---|---|---|---|---|
| 3º Trimestre 2017 | -8,94 | 168.840,80 | -15,18 | 146.624,57 | -11,84 |

**Del análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se concluye que esta entidad CUMPLE el PERÍODO MEDIO DE PAGO**

**- PAGOS REALIZADOS EN EL TRIMESTRES A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO DE FACTURAS:**

a) Período de pago:

* Considerando el importe: Se efectuó el 86,42 % del importe total de los pagos realizados en el trimestre en período legal y el 13,58 % fuera del período legal.

* Considerando el número de pagos: Se efectuó el 83,48 % de número total de los pagos realizados en el trimestre en el período legal y el 16,51 % fuera del período legal.

b) Período medio de pago:

* El período medio de pago 21 días.

**- FACTURAS PENDIENTES DE PAGAR AL FINAL DEL TRIMESTRE A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO:**

a) Dentro del período legal de pago 178 operaciónes por un importe total de 147.423,35 €.

b) Fuera del período legal de pago 29 operaciones por un importe total de 6.752,56 €.

**- FACTURAS CON MÁS DE TRES MESES DE SU ANOTACIÓN EN EL REGISTRO DE FACTURAS SIN RECONOCER LA OBRIGACIÓN:** 0,00 €.

**- INTERESES DE DEMORA PAGADOS EN EL TRIMESTRE: 0,00 €.**

**- PERIODO MEDIO DE PAGO, CALCULADO SEGÚN EL ARTÍCULO 5 DEL REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE JULIO**, POR EL QUE SE DESARROLLA LA METODOLOGÍA DE CÁLCULO DEL PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y LAS CONDICIONES E EL PROCEDIMIENTO DE RETENCIÓN DE RECURSOS DE

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com


LOS RÉGIMES DE FINANCIACIÓN, PREVISTOS EN LA LEY ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA:

| Período | Ratio operacións pagadas (días) | Importe pagos realizados | Ratio operacións pendentes de pago (días) | Importe pagos pendientes (€) | Período medio de pago global a proveedores trimestral (días) |
|---|---|---|---|---|---|
| 3º Trimestre 2017 | -8,94 | 168.840,80 | -15,18 | 146.624,57 | -11,84 |

"

**RESUELVE:**

1º.- Aprobar el informe emitido por la secretaria-interventora con fecha 16 de outubro 2017, correspondiente al 3º trimestre/2017, sobre la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

2º.- Dar traslado del mismo al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

3º.- Dar cuenta al Pleno da Corporación.

Manda y firma la Sra. Alcaldesa Lourdes Ucha Varela, en Meaño, ante mí a secretaría Mª Teresa Escudero Barral, que doy fe."

O Pleno queda enterado do contido do informe dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e período medio de pago a provedores e en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

4º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE LORES, CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA).

A Sr. alcaldesa-presidenta da conta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE LORES, CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA) que foi asinado o día 21 de novembro de 2017 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Terreitorio e a alcaldesa de Meaño

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE LORES, CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)**


N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)
C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Lugar, data

**REUNIDOS**

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María Lourdes Ucha Varela, alcaldesa do concello de Meaño, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

**EXPOÑEN**

**Primeiro.**- O concello de Meaño ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

**Segundo** - A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, pudendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

**Terceiro** – Para o desenvolvemento das competencias sinaladas, o Concello de Meaño pretende realizar a seguinte actuación "Mellora da rede de saneamento no lugar de Lores, Concello de Meaño (Pontevedra)". Preténdese con esta actuación permitir a evacuación das augas residuais procedentes das vivenda sitas no lugar de Lores, que non poden conectarse á rede existente que discorre pola estrada provincial EP-9208 nin a outra rede de sumidoiros. Con esta actuación eliminaranse os pozos negros e as fosas sépticas existentes en cada vivenda, evitando así posibles focos de contaminación ambiental.

**Cuarto** - Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrencia pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA- OBXECTO**

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras "Mellora da rede de saneamento no lugar de Lores, Concello de Meaño (Pontevedra)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

**SEGUNDA- OBRIGAS DAS PARTES**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Meaño obrígase a:

a) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto, en todo caso antes do 31 de decembro do ano en curso, a seguinte documentación:
   - Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.

b) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

c) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

d) Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

e) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

**TERCEIRA- RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

O custo total das actuacións contempladas no presente convenio ascende a 40.429,51 € que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2017.

**CUARTA- LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN**

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello, logo da presentación en Augas de Galicia de:

- Certificado da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.

A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

**QUINTA.- TITULARIDADE DAS OBRAS**

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia, e asumirá o seu mantemento, explotación e mantemento xa que logo a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio de

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

colaboración financeira.

**SEXTA.- RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

**SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

**OITAVA.- NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

**NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

**DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

**UNDÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

**DUODÉCIMA. PUBLICIDADE**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado."

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que é necesario este

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

investimento pero que este proxecto non se estudiou ben, observa inconvenientes no trazado previsto xa pensa que poden dar as cotas para que este saneamento puídera funcionar por gravidade si se levase polo camiño do Rapadoiro ao colector o que evitaría bombeos e os custos de mantemento derivados destes bombeos e aliviadoiros que si falla o bombeo xerará verquidos a vez se daría servizo a dúas vivendas que co trazado previsto no proxecto quedan sen el; engadindo que e o custo que suporía a instalación de máis metros de tubería quedarían compensados co que se aforraría cos bombeos, polo que plantexa que se debería reconsiderar o trazado previsto, aínda que lamenta o escaso marxe de tempo para executar esta obra.

Contesta a Sra. alcaldesa que se consideraron tódalas alternativas e a recollida no proxecto como máis viable.

O Pleno queda enterado do contido do devandito Convenio.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Presidencia, no período comprendido entre o día 10 de outubro de 2017 e o 11 de decembro de 2017 , números 2017-0198 a 2017-0334, sobre diversas materias:

**Resolucións da Alcaldía**
**10-10-2017 a 11-12-2017**

"nome";"data";"resumo";"rexistro"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0334 "11/12/17"Alta PMH procedente de Ribadumia";"617/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0333"11/12/17"Alta PMH procedente de Ribadumia";"617/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0332 "11/12/17"Alta PMH procedente de Ribadumia";"617/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0331 "11/12/17"APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE";"358/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0330 ";"7/12/17"DESIGNACION COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA SANEAMENTO NO LUYGAR DE LORES. CONCELLO DE MEAÑO";"358/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0329 "7/12/17"Alta por nacemento no PMH";"611/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0328 "7/12/17"Alta no PMH procedente de Sanxenxo";"610/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0327"7/12/17"Alta no PMH procedente de Sanxenxo";"610/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0326 "7/12/17"Alta no PMH procedente de Sanxenxo";"610/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0325 "7/12/17"Alta no PMH procedente de Sanxenxo";"610/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0324 "7/12/17 13:54";"Convocatoria Mesa apertura Sobre C Seguros.";"520/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0323"7/12/17"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de Santa Lucía en Dena.";"615/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0322 "7/12/17"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de Santa Eulalia (Xil).";"614/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0321 "7/12/17 "APROBACION PAGOS";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0320 "5/12/17"APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION CONCEDIDA PARA INFRAESTURTURAS E EQUIPAMENTO DA ESCOLA INFANTIL";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0319 "5/12/17"APROBACION DE FACTURAS CORRESPONDENTES A MELLLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DA ESCOLA INFANTIL";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0318 "5/12/17 13:13";"APROBACIÓN DE GASTOS";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0317 "5/12/17"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de Santa Eulalia na parroquia de Xil";"608/2017"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0316 "4/12/17"Convocatoria Pleno da Corporación de Decembro.";"607/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0315"1/12/17"RESOLUCION DA ALCALDIA CONVOCATORIA XGL DECEMBRO";"204/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0314 "1/12/17"Convocatoria mesa de Contratación licitación pólizas seguros";"520/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0313 "1/12/17"CRITERIOS SELECCIÓN E NOMEAMENTO MEMBROS TRIBUNAL APROL RURAL 2017";"428/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0312 "1/12/17"Resoluciones de pago";"599/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0311 "1/12/17"GRATIFICACIÓNS PRODUCTIVIDADE NOVEMBRO";"599/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0310"30/11/17"SERVIZO DE INSTALACION DE ALUMEADO DE NADAL";"596/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0309 "30/11/17"Alta PMH";"594/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0308 "30/11/17"APROBACION DE PROXECTO TECNICO MELLORA REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE LORES";"358/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0307 "30/11/17"Inicio de expediente de orde de execución a Comendador Economistas por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos.";"104/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0306 "30/11/17"APROBALO EXPEDIENTE DE XERACION DE CRÉDITO Nº 9";"597/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0305 "28/11/17"Alta no PMH";"584/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0304 "28/11/17"Alta no PMH";"584/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0303 "28/11/17"PAGO DO XUSTIPREZO EXPEDIENTE EXPROPIACION MELLORA E PAVIMENTACION CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO";"589/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0302 "28/11/17"INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA RECONSTRUCION DE FACHADAS E CUBERTA DO PAVILLÓN DE XIL";"240/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0301 "27/11/17"APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION CONCEDIDA PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA";"588/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0300"27/11/17 15:40";"Alta PMH";"560/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0299 "27/11/17 14:17";"Alta PMH";"555/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0298 "27/11/17"Alta PMH";"555/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0297 "27/11/17"Alta por nacemento";"558/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0296 "27/11/17"Alta no PMH";"558/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0295"24/11/17"Alta PMH";"541/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0294 "24/11/17"Alta PMH";"541/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0293 "24/11/17"Alta PMH";"541/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0292 "24/11/17"Alta PMH";"541/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0291"24/11/17"XERACION DE CREDITO Nº 8";"583/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0290 "24/11/17"XERACION DE CREDITO 7/2017";"580/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0289 "24/11/17;"Alta PMH";"534/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0288"24/11/17"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da celebración dun sacramento en Lores.";"579/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0287 "24/11/17"RESOLUCION ALCALDIA LICENCIAS NOVEMBRO";"561/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0286 "24/11/17"CONTRATACION DO SERVIZO PARA IMPARTICIO DE OBRADOIROS -PROG FOMENTO IGUALDADE DE OPORTUNIDADES";"480/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0285 "23/11/17"Alta PMH";"533/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0284 "23/11/17"Alta PMH";"533/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0283 "23/11/17"Alta PMH";"493/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0282 "23/11/17;"Alta PMH";"493/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0281 "23/11/17;"Alta PMH";"493/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0280 "23/11/17"RESOLUCION ASISTENCIA LETRADA PROCEDEMENTO ORDINARIO 180/2017";"576/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0279 "23/11/17"SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCION DA MODIFICACION Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL";"509/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0278 "23/11/17"Alta no PMH";"568/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0277 "23/11/17;"Cambio domicilio PMH";"333/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0276 "23/11/17"Cambio domicilio PMH";"333/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0275 "23/11/17"RESOLUCION DE COMPARECENCIA RECURSO ORDINARIO 180/2017 INTERPOSTO POR Dª ELENA ROSAL DOMÍNGEUZ";"576/2017"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0274"23/11/17"Resolucion cambio domicilio dentro municipio.";"521/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0273 "20/11/17"Alta PMH";"532/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0272 "20/11/17"Alta PMH";"511/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0271 "20/11/17"Inicio de expediente de orde de execución a Mª Pilar Sineiro por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos.";"553/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0270 "16/11/17"EXPEDIENTE DE CONTRATACION DO SUBMINISTRO DE FURGONETA PARA OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS";"547/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0269 "16/11/17"EXECUCIÓN DE SENTENZA 306/2016 DO TSX GALICIA PROCEDEMENTO ORDINARIO 314/2014";"475/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0268 "15/11/17"ADQUISICION XOGOS E MOBILIARIO ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0267 "15/11/17"ADQUISICION ELECTRODOMESTICOS ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0266 "15/11/17"ADQUISICION NOVAS TECONOLXIAS ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0265 "15/11/17"PECHE EXTERIOR ESCOLA INFANTIL";"545/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0264 "15/11/17"Alta PMH";"494/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0263 "15/11/17"Alta PMH";"478/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0262 "15/11/17"Alta PMH";"440/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0261 "15/11/17"Resolucion de aprobación de pagos de novembro.";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0260 "14/11/17"Alta PMH";"437/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0259 "14/11/17"CONTRATACIÓN ASISTENCIA LETRADA PROCEDEMENTO ORDINARIO 297";"540/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0258 "14/11/17"COMPARECENCIA E EMPRAZAMENTO NO RECURSO PROCEDEMENTO ORDINARIO 297/2017";"540/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0257 "14/11/17"Cambio de domicilio no PMH";"444/2017";"Modificación de Datos no Padrón Municipal de Habitantes"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0256 "14/11/17"Cambio de domicilio no PMH";"444/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0255 "14/11/17"EXECUCIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN SUBSTITUCIÓN CESPEDE ARTIFICIAL CAMPO FÚTBOL";"508/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0254 "14/11/17"Alta PMH";"485/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0253 "14/11/17"APROBACION DE PAGOS";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0252 "14/11/17"Inicio de expediente de orde de execución a Hdros. Fernando E. Varela Muñiz por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos.";"526/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0251 "13/11/17 "CONTRATACIÓN MONITOR IOGA-PILATES JUAN GASTAÑADUY LAGO";"123/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0250 "13/11/17"Convocatoria XGL 14/11/2017";"204/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0249 "10/11/17"Autorizacion Festas San Martiño de Padrenda 11 de novembro.";"522/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0248 "10/11/17"Resolucion Pagos Novembro";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0247 "9/11/17"INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE POLIZAS DE SEGUROS DE RAMO DE VEHÍCULOS, RESPONSABILIDADE CIVIL E BENS INMOBLES";"520/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0246 "7/11/17"APROBACION EXPEDIENTE DE XERACION DE CRÉDITO Nº 6";"516/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0245 "7/11/17"Alta no PMH";"407/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0244 "7/11/17"EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA MODIFICACION Nº 2 DO PXOM";"509/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0243 "7/11/17"Resolución da alcaldia pagos novembro.";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0242 "7/11/17"Alta por nacemento no PMH";"510/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0241"6/11/17"LISTA DEFINITIVA NOVA CONVOCATORIA MONITOR ACTIVIDADES FISICODEPORTIVAS";"123/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0240 "6/11/17"INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS EN COIRON E ALTAMIRA";"376/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0239 "6/11/17"INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATRACION DA OBRA CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS EN PICÓN E R/DOS COLEXIOS";"384/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0238 "6/11/17"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de San Martiño na parroquia de Padrenda.";"476/2017"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0237 "3/11/17"Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 06-11-2017.";"204/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0236 "2/11/17"CONTRATACION DE FISIOTERAPEUTA PARA XIMNASIA TERAPEUTICA NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE";"100/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0235 "2/11/17"CONTRATACION MESTRE DE PERCUSIÓN";"412/2017";"Convocatoria y Pruebas de Selección de Personal Laboral por Concurso-Oposición"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0234 "2/11/17"Resoluciones de pago";"491/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0233 "2/11/17"Resoluciones de pago";"491/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0232 "31/10/17"Alta PMH";"359/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0231 "31/10/17"Alta PMH";"359/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0230 "31/10/17"Alta PMH";"359/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0229 "31/10/17"Alta PMH";"359/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0228 "31/10/17"APROBACION DO PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN DE RECONSTRUCION DE FACHADAS E CUBERTA DO PAVILLON DEPORTIVO XIL";"240/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0227 "31/10/17"RELACION APROBACION PAGOS CERTIFICACIONS DE OBRA.";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0226 "31/10/17"APROBACION CERTIFICADO DE EXECUCIÓN FACTURA E ACTA DE RECEPCION";"275/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0225 "30/10/17"RECOÑECEMENTO DE SERVIZOS PREVIOS";"481/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0224 "27/10/17"RESOLUCION APROBACION PAGOS NOVIDADES EDITORIAIS";"128/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0223 "27/10/17"Resolución Alcaldía Convocatoria XGL 30 de outubro de 2017";"204/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0222 "27/10/17"LISTA PROVISIONAL NOVA CONVOCATORIA ACTIVIDADES FISICODEPORTIVAS";"123/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0221 "27/10/17"CONCESION DE VACACION E CONTRATACION PERSOAL BOLSA LIMPADORA";"302/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0220 "27/10/17"Resolución da alcaldía de pagos mes de outubro.";"128/2017""cancelado"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0219 "26/10/17"RECTIFICACION DO EXPEDIENTE DE XERACION Nº 5";"470/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0218 "26/10/17"EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA: MELLORA DOS CAMIÑOS RURAIS DE MEAÑO: PEREIRAS-MEAÑO, AXÍS-SIMES E A BESADA-SIMES";"40/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0217 "26/10/17"AUTO DE EXECUCION DEFINITIVA";"475/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0216 "23/10/17"LISTA ADMITIDOS EXCLUIDOS NOVA CONVOCATORIA MESTRE PERCUSIÓN";"121/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0215 "20/10/17"APROBACION XERACION CREDITO Nº 5";"470/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0214"20/10/17"APROBACIÓN DO PROXECTO TECNICO MELLORA NOS CAMIÑOS RURAIS DE MEAÑO PEREIRAS -MEAÑO
AXÍS-SIMES E BESADA-SIMES";"40/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0213 "19/10/17"EXECUCIÓN DA CONEXIÓN A REDE ELECTRICA DO DEPOSITO DE ABASTECEMENTO MUNICIPAL DE AUGA";"469/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0212 "18/10/17"Alta PMH por cambio domicilio";"391/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0211 "18/10/17"Alta PMH";"339/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0210 "18/10/17"Alta no PMH";"383/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0209 "18/10/17"Alta no PMH";"383/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0208 "18/10/17"Alta no PMH";"382/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0207 "18/10/17"Alta no PMH";"382/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0206 "17/10/17"Alta no PMH";"381/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0205"17/10/17"Alta no PMH";"347/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0204 "16/10/17"ORDE DE PARALIZACIÓN E INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A D. LUIS BOUZADA UCHA";"456/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0203 "16/10/17"APROBACIÓN PLAN DE AJUSTE 3º TRIMESTRE";"133/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0202 "13/10/17"Prórroga do contratato laboral temporal do auxiliar da Policía Local";"455/2017"

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0201 "11/10/17"INICIO EXPEDIENTE CONTRATACION MELLORA E PAVIMENTACIÓN NOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE OUTEIRO PICON E CANLE";"317/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0200 "11/10/17"APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE";"453/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0199"10/10/17"Alta por nacemento no PMH";"447/2017"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2017-0198 "10/10/17"LISTA DE ASPIRANTES ADMITIDOS CONTRATACION FISIOTERAPEUTA";"100/2017"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 10 de outubro de 2017 e o día 11 de decembro de 2017.

FORA DO ORDE DO DÍA

Rematado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. alcaldesa dá conta da **Moción referida á creación dunha rotonda no acceso á parroquia de Cobas e Padrenda desde Sisán, na autoestrada EP-9305**, presentada pola voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Dª Icía García Fernández, con data de rexistro no Rexistro Xeral do Concello de Meaño 05-12-2017, nº 2017-E-RC-3370, que non foi incluída no Orde do Dia da convocatoria desta sesión porque cando foi presentada xa estaba cursada a convocatoria.

"O PLENO DO CONCELLO DE MIEAÑO
O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira leía García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal seguinte **MOCIÓN, referida á creación dunha rotonda no acceso á parroquia de Cobas e Padrenda desde Sisán, na autoestrada EP-9305**

A autoestrada EP-9305, que une os concellos de Meaño con Ribadumia, convertiuse nun importante eixe de tránsito, tanto de turismos como de transportes de mercaclorías de tipo industrial, pois, nese tramo de autoestrada atópase a zona industrial de A Pedreira (Xil). O entorno de dita autoestrada viuse aumentado en nÚmero de vivencias e de empresas que elíxen esa zona para vivir, así como para crear emprego contribuír ao desenvolvemento do municipio e o sen campo.

Esas circunstancias mencionadas fan complicadas e, ás veces, perigosas as maniobras de entrada y saída desde a carretera ao polígono e ás vivendas, xa que logo, nun tramo en concreto, entre o linde dos dos dous concellos, Meaño e Ribadumia, estanse a producir numerosos accidentes que poflen en perigo as vidas dos condutores e dos veciños colindantes.

O Último caso viviuse fai uns meses, onde debido á pronunciación da curva, ás substancias resbaladizas que había no chan, aceites, gasoil, etc, e ás prirneiras gotas de chuvia, o condutor dun turismo acabou perdendo o control do mesmo e acabou chocando contra a viña que está aif preto, rompendo, ao mesmo tempo, co impacto un poste de pedra da viña e conendo un gran perigo.

Ademais, outro inconveniente que se está a ver desde fai tempo é o gran desnivel que presenta esta curva, pois, é un aliciente a que se produzan este tipo de accidentes automobilísticos.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Por estas razóns, sería necesario incrementar as condiciones de seguridade nese acceso ao noso concello, concretamente, a dúas parroquias cercanas, Padrenda e Cobas, desde Sisán. Usuarios da vía e veciños piden a creación dunha rotonda que permita regular o tráfico e mellorar a súa fluidez e seguridade.
De acordo con todo o anterior, sométese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

**1. Instar á Deputación de Pontevedra para realizar as xestións necesarias para impulsar a creación dunha rotonda e colaborar na súa execución.**
**2. Buscar un acordo co concello de Ribadumia remitíndolle esta moción para a súa petición conxunta ante a Deputación de Pontevedra e conseguir crear a devandita rotonda.**"

Sometida a procedencia desta moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros acorda a súa procedencia, polo que se procede ao seu debate e votación.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que van a apoiar a iniciativa do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e engade que cando se trata dunha iniciativa importante para os veciños non é necesario ratificala antes.

Sinala a Sra. alcaldesa que o grupo de goberno vai apoiar esta moción e a proposta de acordo contida na mesma, dando traslado da mesma canto antes á Deputación para que inclúan esta rotonda no proxecto que está a elaborar para rematar a estrada de Cobas.

Sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame proposta da Comisión Informativa Permanente de Servizos e Medio Ambiente, por unanimidade dos seus membros ratifica.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e pregunatas, formulándose as seguintes:

* Sra. García Fenández:
1. Antes de nada, queremos facer mención á mala imaxe que estamos dando como concello debido ás malas condicións dos nosos pavillóns. O pasado fin de semana o equipo de balonmán non puido xogar no pavillón de Dena pola condensación que éste sufría.
Teñen pensado algunha solución? Como poden observar, as medidas que tomaron ata o de agora non foron suficientes.
Vai prestarlles axuda económica ao equipo de balonmán se a federación lles impón unha multa por trasladar o partido a outro pavillón?
O que fai este goberno coas instalacións deportivas é unha chapuza tras chapuza.

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

2. Aínda que o día de hoxe estamos sufrindo unha cicloxénesis, os litros de auga que se preve que nos deixe non van ser suficientes para resolver o problema de sequía que temos na nosa comunidade. Existen xa concellos que están tomando medidas de aforro. Teñen pensado poñer en marcha alguna medida?

3. Teñen constancia do avance progresivo de derrumbamento que ten a carretera que vai dende a Bouzabella ata Dadín? É moi similar ao que acontecía en Quintáns.

4. Teñen pensado instalar os taboleiros de anuncios que solicitamos en pasados plenos?

5. Podería decirnos cantos usuarios ten o comedor escolar? Son suficientes os coidadores?

6. Por algún motivo en especial este ano lles deron menos cuestionarios para o Concurso de Tapas? Algúns dos participantes quedáronse sen poder votar por falta dos cuestionarios para cubrir.

Contesta a Sra. González Dopazo quen sinala que tiñan a disposición os que necesitasen e de feito os establecementos que o solicitaron puxéronselle a disposición.

7. Os lavadoiros municipais son un patrimonio cultural do concello moi importante, por eso é necesario que se teñan en perfectas condicións todo o ano. Actualmente moitos deles están en pésimas condicións, tales como o de Altamira, o de Constenla ou o de Ponte Dena, entre outros.

8. Nas últimas semanas, nas autoestradas pertencentes á Deputación estivéronse instalando redutores de velocidade adecuados as medidas legais. No noso concello instaláronse na pasada lexislatura, cunhas medidas totalmente inadecuadas. Rogamos que se lle solicite á Deputación de Pontevedra a modificación da altura e anchura destes redutores para así respectar as medidas legais.

9. O taboleiro do centro médico de Dena leva varias semanas co cristal roto. Solicitamos que se arranxe o máis pronto posible.

10. Debido á proximidade que teñen Dadín e Abuín á saída da autovía no Polígono de Nantes, moitos camións e autobuses introdúcense en Dadín e Abuín guiándose polos sistemas GPS quedando moitas veces atrapados polo estreitamento da vía. Ata tal punto chegou esta situación, que un veciño tivo que poñer un cartel para avisar que os vehículos de grandes dimensións non poden pasar. Rogamos que dende o concello se sinalice axeitadamente para evitar máis problemas.

11. Poñémonos a súa disposición para seguir facendo forza e conseguir unha mellora nas liñas de autobús que pasan polo concello.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- Que teñen constancia da situación do camiño de Dadín.
- Que os taboleiros vanse a colocar.
- En canto aos redutores de velocidade vise a solicitar que retoquen os mencionados e tamén que instalen máis.
- O cristal do taboleiro do centro médico está pedido.
- En canto á colocación dun indicador para evitar a confusión que xenera a saída da autovía no Polígono de Nantes e que provoca que vehículos pesados acaben en Dadín e Abuín xa está falado co Concello de Sanxenxo, que se comprometeu a solucionalo.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Polo que respecta a mellora das liñas de transporte que pasan polo Concello seguirase reiterando.
- En canto a pregunta de si se lle vai a prestar axuda ao equipo de balonmán se a federación lles impón unha multa por trasladar o partido a outro pabellón no torneo celebrado o pasado fin de semana cree que non van a ser multados e que se está a traballar en busca de solucións pero nun pavillón que conta con máis de dez anos non son fáciles.
- O comedor conta cunha media de trinta e cinco usuarios ao día.

* Sr. Ásperez Montes:
- Retomando o tema do pavillón e o torneo do pasado fin de semana é posible que non se sancione porque os árbitros estiveron de acordo en trasladar o partido que se xogou no Grove e que algún foi a figurar. Desde o Club estamos agradecidos coa colaboración do Concello pero gastáronse 35.000,00 € e o pavillón de Dena segue igual. O mesmo pasa co pavillón de Meaño que hai goteiras e vai a pasar co de Xil; lévase gastado e vanse a gastar máis cartos e os pavillóns deportivos de Meaño non reúnen condicións. No Grove puxeron cañóns de calor, hai que poñer os medios que os cartos son dos veciños. Si non se subsanan estes defectos non se pode ter deporte.
Contesta a Sra. alcaldesa, sinalando que é consciente que os cartos son dos veciños e puntualiza que non foron a figurar senón a entregar uns premios para o que foron invitados. Engade que de seis partidos suspendéronse dous, trasladáronos para Portonovo e tamén os supenderon e o mesmo pasou en outras ocasións en Ribadumia, polo que non debe ser un fenómeno tan extraño que só afecta ao pavillón de Dena e o primeiro en deixar mal a Meaño é vostede e ante a situación plantexada era a federación a que tería que buscar solucións non vostede. En calquera caso séguese a traballar para atoparlle unha solución viable a este problema.
- No Pleno pasado preguntada sobre a liña de subvención convocada pola Deputación Provincial en agosto contestou que establecía unhas condicións moi restritivas, como o importe mínimo do proxecto que tiña que acadar o importe da liña de investimentos do Plan Concello 2017 e o prazo e o Concello non tiña previsto ningún proxecto que reunise as condicións esixibles e vemos que concellos máis pequenos que Meaño como Meis e Rodeiro a acadaron.
Contesta a Sra. alcaldesa que efectivamente o Concello nese intre non tiña previsto ningún proxecto que reunise as condicións esixidas e tamén Concellos máis pequenos e máis grandes quedaron sin ela.
- Hai diversos informes que están solicitados a diferentes organismos e seguimos sen saber nada deles, coma o solicitado a Costas sobre a legalidade da taxa polo uso da pista de pádel, á Cosellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria sobre o posto de conserxe para o CEIP de As Covas; a estas alturas nalgunhas cuestións empezamos a pensar que se nos minte. Tamén temos varias peticións formuladas e as que consideramos que temos dereito e están sin atender como os expedientes de sancións de tráfico, o expediente do muro de Simes, o xustificante do ingreso na conta do Concello por parte do Grupo de Goberno do importe da sanción imposta no seu día pola Inspección de Traballo.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Toma a palabra a Sra. alcaldesa que igual que o camiño de Quintáns-Souto e do muro que sei da denuncia polo medios de comunicación e por vostede.
Replica o Sr. Ásperez Montes que o seu grupo non denunciou foi un veciño. Puntualizando o Sr. Varela Budelo que ese asunto foi falado no Pleno e saíu na prensa.
- Magosto nos Pasales, por qué hai fotos de menores que non contan con autorización dos pais. Vostedes nas súas redes sociais publican fotos donde aparecen menores.
- Na pasada cicloxénesis que se declarou a alerta vermella o Concello adoptou algunha medida.
Contesta a Sra. alcaldesa que os operarios estaban en sobreaviso por si xurdía algunha incidencia poder localizalos a través do teléfono do Concello.
- As deficiencias no alumeado estanse a solucionar tarde e mal, ¿Cal é o motivo?
Contesta a Sra. alcaldesa que tódolos días aparecen deficiencias e unha ou dúas veces a semana se revisan.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. Mª Lourdes Ucha Varela

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40